

# Guía de actividade de formación 2013

Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria





## PRESENTACIÓN.

É para min un pracer presentar o programa da actividade docente da Escola Galega de Administración Sanitaria para o ano 2013, salientando o papel clave que desenvolve a formación continuada como instrumento motivador e principal activo do Sistema Público de Saúde de Galicia. A Fegas, baixo o lema “*Formación real para unha sanidade real*”, está a traballar na construción dun espazo de intercambio de información acorde cos tempos, dinámico e de calidade, que sexa un valor de referencia para os profesionais ao servizo da sanidade pública galega, ofrecendo para iso produtos de maior calidade e adaptados ás novas demandas da sociedade.

É por iso que ao longo deste ano, traballaremos coas vistas postas en favorecer o enriquecemento do capital humano ao servizo do Sistema Público de Saúde de Galicia mediante a súa capacitación a través da formación, innovación e excelencia, no ámbito das ciencias da saúde e da administración e xestión sanitaria, desenvolvendo un proceso continuo de actualización de coñecementos en resposta ás variacións nas demandas sociais e á evolución dos sistemas sanitarios.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2013.

Pablo Galego Feal

Director da Escola Galega de Administración Sanitaria



## PLAN DE FORMACIÓN 2013. ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN SANITARIA.

### INFORMACIÓN XERAL

A formación constitúe a nosa actividade principal como Escola. O Plan de formación 2013 desenvólvese dentro dos ámbitos da formación continuada, da formación de capacitación e da teleformación, e xorde dun sistema aberto e multidisciplinario no que se conta coa participación activa tanto dos profesionais como dos responsables de formación da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

O Plan de formación 2013 estrutúrase en distintas áreas temáticas que permiten a oferta formativa nos seguintes bloques de coñecemento:

- **Área de Asistencia Sanitaria:** abarca a formación orientada aos coñecementos, habilidades e actitudes relacionados cos procesos operativos de diagnóstico, tratamento, rehabilitación e de apoio para a recuperación da saúde. Inclúe formación dirixida tanto a profesionais sanitarios como non sanitarios, pero directamente vinculada á atención sanitaria dos usuarios. Esta área representa o gran núcleo definitorio dunha organización sanitaria.
- **Área de Prevención e Promoción da Saúde:** inclúe a formación relacionada cos coñecementos, habilidades e actitudes dirixidas á protección da saúde. Integra actividades formativas orientadas tanto a profesionais da administración sanitaria como a persoal das institucións e centros sanitarios.
- **Área de Comunicación e Atención ao Usuario:** abrangue toda a formación relacionada cos sistemas, mecanismos e habilidades necesarios na comunicación interna e externa da organización sanitaria. Polo tanto, nela terán cabida todas as accións orientadas á comunicación con usuarios externos e internos, tanto no contexto do eixo asistencial como no da administración e servizos xerais.
- **Área de Administración, Xestión e Dirección das Organizacións:** integra todas as actividades formativas orientadas á xestión da organización no seu senso máis amplo. Inclúe a formación relacionada co desenvolvemento de habilidades directivas (comunicación, traballo en equipo, negociación, etc.), así como de coñecementos propios do ámbito da xestión de tipo transversal (xestión clínica, xestión da calidade, xestión por procesos, xestión económico-financeira, procedemento administrativo, lexislación, normativa, etc.).
- **Área de Xestión do Coñecemento da Organización:** abarca a formación dirixida aos



procesos de xeración e transferencia do coñecemento no ámbito da saúde. Inclúe actividades formativas de metodoloxía e xestión da docencia e da investigación sanitaria, metodoloxía de busca bibliográfica, de lectura crítica, da MBE (medicina baseada na evidencia ou asistencia sanitaria baseada en probas), elaboración de GPC, etc.

- **Área de Tecnoloxías:** engloba todas as actividades formativas relacionadas co manexo tanto das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) como das tecnoloxías sanitarias.

Por outra banda, a efectos de financiamento e operatividade de xestión administrativa, as actividades de formación execútanse principalmente a través de dous plans docentes diferenciados: Plan de formación continuada do persoal de institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (Plan AFEDAP) e Plan estratéxico de formación dos traballadores ao servizo da sanidade pública galega (PEF), establecidos segundo os criterios definitorios que a continuación se describen:

- Plan AFEDAP: inclúense neste plan as actividades docentes que anualmente forman parte do Plan de Formación Continuada do Persoal da Xunta de Galicia, no marco dos convenios de colaboración subscritos entre o Ministerio da Presidencia e as comunidades autónomas.
- PEF: enmarcado no Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria, no que a Fegas ten como función deseñar conxuntamente e executar o plan de formación e reciclaxe profesional en materia de administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria de todos os traballadores, tanto da Consellería de Sanidade como do Servizo Galego de Saúde e demais entidades públicas dependentes das anteriores.

Formación acreditada: a garantía do recoñecemento da calidade da formación impartida pola Fegas é un dos nosos principios reitores, xa que consideramos a formación continuada como un elemento esencial para o desenvolvemento do profesional. A administración, ademais de elaborar un plan de actividades acorde coas necesidades do persoal profesional e a sociedade, deberá incidir na súa calidade. O sistema de acreditación é o instrumento que garante a validez da formación para todo o Sistema Nacional de Saúde.

As actividades de formación continua, para o persoal incluído na Lei de ordenación de profesións sanitarias, están acreditadas na nosa Comunidade Autónoma polo sistema Acreditador da Formación Continuada das Profesións Sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola contra, os cursos dirixidos ao persoal non incluído na dita Lei, non poderán ser acreditados polo sistema Acreditador. Non obstante, desde a Fegas queremos ser garantes tamén



desa formación e así, para este persoal esténdese un certificado de asistencia ou aproveitamento onde se indica o número de horas, o contido, a data e o lugar. Así mesmo, as actividades da Fegas están consideradas de Interese sanitario referendadas pola Orde do 6 maio de 1998, pola que se adquire garantía de calidade da formación.

Sen prexuízo do uso doutros medios de información, a Fegas ten permanentemente operativa a páxina web, na que se inclúe toda a información actualizada das súas actividades de formación ([www.fegas.es](http://www.fegas.es)).

Modificacións: debe terse en conta que a actividade incluída neste plan pode sufrir algunha modificación ou pode verse incrementada con outras actividades. Nestes supostos, a Fegas proporcionará información e difusión específica sobre elas, reservando para sí, igualmente, o dereito a suspender a execución dalgunha das actividades programadas.

#### 1. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar nas accións formativas do Plan AFEDAP todas/os as/os profesionais que presten ou prestasen servizos nas institucións do Servizo Galego de Saúde, as/os aspirantes a vinculacións temporais no ámbito das institucións do Servizo Galego de Saúde, ao abeiro do Pacto de selección temporal vixente en cada momento, así como o persoal pertencente ás fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas adscritas á Consellería de Sanidade integrado no réxime estatutario.

No resto de actividades (incluíndo o PEF) poderán participar os mesmos destinatarios ademáis de outro persoal cando así veña especificado no anexo de cada acción formativa.

As persoas interesadas en participar nas actividades formativas deberán cumprir os requisitos esixidos para cada curso.

Non poderán participar nas actividades formativas as persoas solicitantes incluídas na listaxe de persoal seleccionado que, ao inicio do curso, se atopen en situación de baixa laboral por incapacidade temporal. Esta incidencia comunicaralla, por escrito, a persoa afectada á Fegas, para os efectos de cubrir a vacante e evitar a penalización que comportaría a súa falta de comunicación, prevista na cláusula sexta.



O persoal que se atope desfrutando dun permiso por parto, adopción ou acollemento tanto preadoptivo como permanente ou simple, adopción internacional ou excedencia para o coidado de fillos e familiares poderá participar nas actividades formativas, consonte establecen os artigos 57.4 e 76 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e a disposición adicional décimo novena, punto trece da Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

## 2. SOLICITUDES

As persoas que desexen participar nos cursos convocados nesta resolución deberán encher o formulario de preinscrición telemática na páxina web da Fegas ([www.fegas.es](http://www.fegas.es)).

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado, así como á imposibilidade de participar en ningún outro curso nos doce meses seguintes. A Fegas reserva para si o dereito a solicitar a información necesaria para verificar tales datos.

Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non teñan consignados correctamente os datos necesarios para realizar o proceso selectivo das persoas solicitantes.

Aínda así, durante o prazo de inscrición, en caso de erro ao cubrir a solicitude, poderá anularse esta utilizando o procedemento establecido na base sexta desta convocatoria e realizar, de ser o caso, unha nova petición (sen superar o máximo das seis inscricións anuais permitidas).

Ante eventuais incidencias, as/os aspirantes deberán imprimir unha copia do formulario de preinscrición enviado telematicamente ou conservar o que recibisen no seu correo electrónico, para o que deberán prestar especial atención na consignación de datos, comprobando que o enderezo de correo electrónico estea correctamente consignado.

Os profesionais incluídos no artigo 45 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e na disposición adicional 19ª da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres, ademais das persoas discapacitadas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% que desexen que se lles teña en conta, aos efectos do disposto na base cuarta, deberán remitir, no prazo establecido para o envío da solicitude de



preinscrición, a certificación orixinal ou fotocopia legalizada acreditativa da súa situación ao seguinte enderezo:

Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas). Avenida Fernando de Casas Novoa. Edificio CNL, nº 37, portal A, 1ª planta. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

A consignación dos datos da solicitude e o seu envío telemático non implicará a admisión inmediata á actividade formativa seleccionada, que se producirá nos termos indicados na cláusula quinta.

Só se poderá solicitar a participación nun máximo de seis cursos por ano.

### 3. PRAZOS DE INSCRICIÓN

Para as edicións das accións formativas do primeiro semestre, o prazo comezará o día 15 de febreiro de 2013 e rematará o día 28 de febreiro de 2013.

Para as edicións das accións formativas do segundo semestre, o prazo comezará o día 3 de xuño de 2013 e rematará o día 16 de xuño de 2013.

### 4. CRITERIOS DE SELECCIÓN DE ALUMNOS

A. Os criterios de selección para participar nas accións formativas convocadas ao abeiro do Plan de Formación Continua para o persoal do Servizo Galego de Saúde (Plan AFEDAP) serán os que a continuación se detallan, tendo en conta que, en todo caso, se reservará en cada actividade formativa unha cota do 5% para ser cuberta por persoas discapacitadas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre que poidan acreditarlo e cumpran os requisitos establecidos na convocatoria para cada actividade:

1. Resultar, a persoa solicitante, destinataria da concreta acción formativa, de conformidade co establecido no anexo para cada curso.



2. Unha vez aplicado o criterio anterior, de existir máis solicitudes que prazas, terán prioridade as/os aspirantes que realicen tarefas máis directamente relacionadas co contido básico e obxectivos do curso. Con esta finalidade, na solicitude deberán detallarse as tarefas que sexan máis representativas do posto de traballo e que garden relación específica cos contidos da actividade, non valorándose as funcións que non fosen indicadas.
3. Menor número de cursos realizados nos dous anos anteriores.
4. Terán prioridade os profesionais con vínculo fixo sobre os temporais.
5. Terán prioridade os empregados públicos que acrediten maior tempo de servizos prestados no ámbito de institucións sanitarias da Unión Europea. Este dato facilitaráselle directamente á Fegas das bases de datos de persoal. A persoa solicitante deberá achegar, unicamente, nos prazos establecidos para o envío das solicitudes de preinscrición, certificación orixinal ou copia compulsada dos servizos prestados fóra do Sistema Público de Saúde de Galicia, que deberá ser remitida ao enderezo da Fegas.
6. En cada un dos tres puntos anteriores, terán preferencia na selección as/os aspirantes que nos últimos dous anos estean utilizando ou utilizasen unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para coidado de familiares, de acordo co previsto no artigo 45 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Así mesmo, terán preferencia para participaren nos cursos de formación as/os aspirantes que, durante o ano anterior á data de publicación desta convocatoria, se incorporasen ao servizo activo procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresasen desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, de acordo co previsto no artigo 60.1 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.





Ademais, e de conformidade co disposto no artigo 37 bis da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, engadido pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, na súa disposición adicional 1ª, nos cursos, xornadas ou outras actividades formativas organizadas ou financiadas pola Administración pública galega reservarase un cincuenta por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, que accederán á quenda reservada só se non houber suficientes solicitudes de participación de mulleres.

7. Por último, no caso de empate resolverase por sorteo.
  8. A Fegas poderá ofrecerlle ás/aos admitidas/os nunha actividade formativa anulada, a súa incorporación voluntaria noutra edición desa mesma actividade, sempre que nesta última haxa vacantes. Neste suposto, o chamamento ás/aos admitidos será pola orde de admisión da actividade anulada.
- B. Os criterios de selección para participar nas accións formativas convocadas ao abeiro do Plan estratéxico de formación dos traballadores ao servizo da sanidade pública galega (PEF), serán os que a continuación se detallan, tendo en conta que, en todo caso, reservarase en cada actividade formativa unha cota do 5% para ser cuberta por persoas discapacitadas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre que poidan acreditarlo e cumpran os requisitos establecidos na convocatoria para cada actividade:
1. Resultar, a persoa solicitante, destinataria da concreta acción formativa, de conformidade co establecido no anexo para cada curso.
  2. Unha vez aplicado o criterio anterior, de existir máis solicitudes que prazas, terán prioridade as/os aspirantes que realicen tarefas máis directamente relacionadas co contido básico e obxectivos do curso. Con esta finalidade, na solicitude deberán detallarse as tarefas que sexan máis representativas do posto de traballo e que garden relación específica cos contidos da actividade, non valorándose as funcións que non fosen indicadas.
  3. Menor número de cursos realizados nos dous anos anteriores.



4. En cada un dos tres puntos anteriores, terán preferencia na selección as/os aspirantes que nos últimos dous anos estean utilizando ou utilizasen unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para coidado de familiares, de acordo co previsto no artigo 45 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Así mesmo, terán preferencia para participaren nos cursos de formación as/os aspirantes que, durante o ano anterior á data de publicación desta convocatoria, se incorporasen ao servizo activo procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresasen desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, de acordo co previsto no artigo 60.1 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Ademais, e de conformidade co disposto no artigo 37 bis da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, engadido pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, na súa disposición adicional 1ª, nos cursos, xornadas ou outras actividades formativas organizadas ou financiadas pola Administración pública galega reservarase un cincuenta por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, que accederán á quenda reservada só se non houber suficientes solicitudes de participación de mulleres.

5. Por último, de continuar existindo un número maior de solicitudes que de prazas, resolverase por orde de inscrición.
6. A Fegas poderá ofrecerlle ás/aos admitidas/os nunha actividade formativa anulada, a súa incorporación voluntaria noutra edición desa mesma actividade, sempre que nesta última haxa vacantes. Neste suposto, o chamamento ás/aos admitidos será pola orde de admisión da actividade anulada.



## 5. PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DE ADMITIDOS

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase na páxina web da Fegas a listaxe provisional de admitidas/os e excluídas/os na concreta acción formativa, así como as causas da súa exclusión.

Ademais, enviarase un SMS a modo de recordatorio ás/aos admitidas/os en cada acción formativa, sempre que se dispoña na base de datos da Fegas dun número de teléfono móbil. Estas mensaxes son meramente informativas e non eximen ás/aos aspirantes de consultar a páxina web da Fegas.

As/os aspirantes excluídas/os disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional, para poder emendar, de ser o caso, o defecto ou defectos que motivasen a exclusión e formular as reclamacións que coiden pertinentes.

Rematado o prazo e resoltas pola Fegas, logo de informe da Comisión Paritaria respectiva, de ser o caso, as reclamacións presentadas, publicarase na páxina web da Fegas, cunha antelación mínima de cinco días naturais ao inicio do curso, a listaxe definitiva de admitidas/os e excluídas/os.

Serán excluídas/os da participación nunha concreta actividade formativa todas aquelas persoas que tivesen participado en edicións anteriores da mesma actividade, convocadas nos últimos cinco anos.

En ningún caso se admitirá a asistencia de persoas na condición de “oíntes”.

## 6. ANULACIÓN DE RESERVA

Se a/o aspirante seleccionada/o para a realización dunha actividade formativa, decide non asistir a ela, deberá comunicar a súa renuncia a través da páxina web da Fegas cunha antelación mínima de catro días naturais á data fixada para o inicio da citada actividade.





De non facelo así, e agás motivo xustificado, baseado en causa de forza maior ou acontecemento imprevisible, non será admitido en ningunha outra actividade formativa no transcurso dos doce meses seguintes.

## 7. COTAS DE INSCRICIÓN

No caso de actividades para as que se esixa o aboamento dunha cantidade en concepto de cota de inscrición, informarse debidamente sobre a forma e prazo para realizar o pagamento da correspondente matrícula.

## 8. CERTIFICACIÓN DE ASISTENCIA

Os profesionais que superen as actividades nas que sexan admitidos terán á súa disposición a certificación, que poderán visualizar no seu Expedient-e (Fides), que estará validada de xeito automático. Emitiranse e remitiranse certificacións en papel nos casos en que sexa solicitado polo interesado, vía correo electrónico ([certificacions.fegas@sergas.es](mailto:certificacions.fegas@sergas.es)) xustificando o motivo desta solicitude.

Para considerar que a acción formativa se superou, ten que constatarse a asistencia ás horas lectivas cunha ausencia máxima do 10% da súa duración, para o que durante o desenvolvemento da actividade, as persoas participantes deberán asinar nos controis de entrada e saída que se establezan. Ademais, no suposto de que os cursos esixan a realización dalgunha proba ou traballo, expediráselles o certificado unicamente ás/aos alumnas/os que a superen.

## 9. DOCUMENTACIÓN ENTREGADA NAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

A documentación xerada nas distintas actividades de formación da Fegas estará dispoñible para os alumnos na Biblioteca Virtual da Escola. Isto permitirá poder recuperala en calquera momento e desde calquera lugar. Non se entregará documentación en papel, salvo en contadas excepcións.



## Formación Presencial

Asistencia sanitaria





## ASISTENCIA SANITARIA

### A PRÁCTICA ASISTENCIAL DO TÉCNICO EN COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA

**Nº de horas:** 16

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) técnico en coidados auxiliares de enfermaría de atención hospitalaria. 2º) técnico en coidados auxiliares de enfermaría de atención primaria.

**Obxectivos:** proporcionar e incrementar os coñecementos teórico-prácticos sobre as funcións do Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría no ámbito sanitario e promover o traballo en equipo para facilitar que os profesionais sanitarios desenvolvan o seu traballo con maior eficacia.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132514	X.X.I. de Ourense	3, 4, 5 e 6 de xuño de 2013	16:30 – 20:30
132515	X.X.I. de Pontevedra	17, 18, 19 e 20 de xuño de 2013	16:30 – 20:30

### ABORDAXE E SEGUIMENTO DO PACIENTE POLIMEDICADO

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) médicos, farmacéuticas/os e enfermeiras/os de atención primaria. 2º) médicos, farmacéuticas/os e enfermeiras/os de atención hospitalaria.

**Obxectivos:** comprender a importancia da polimedicación como elemento que inflúe na saúde dos pacientes. Valorar a importancia do abordaxe multidisciplinar da polimedicación. Aprender as distintas estratexias de comunicación entre o profesional sanitario e os pacientes. Identificar criterios de derivación do paciente polimedicado a outros membros do equipo de atención primaria. Coñecer a importancia e as estratexia e implantación dun programa de conciliación da medicación. Coñecer a metodoloxía para o seguimento farmacoterapéutico do paciente polimedicado.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132516	X.X.I. da Coruña	8, 9 e 10 de outubro de 2013	16:30 – 20:30



### ABORDAXE SOCIOSANITARIA EN DANO CEREBRAL. NEURORREHABILITACIÓN E DEPENDENCIA

**Nº de horas:** 4

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** enfermeiras/os, traballadoras/es sociais, fisioterapeutas e logopedas de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** mellorar os coñecementos na atención aos doentes con dano cerebral.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132517	Hospital da Costa	24 de abril de 2013	16:30 – 20:30
132518	XAP de Lugo	20 de novembro	16:30 – 20:30

### ACTUACIÓN DOS TÉCNICOS EN COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA ANTE UNHA SITUACIÓN DE URXENCIAS

**Nº de horas:** 16

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** por orden preferente: 1º) técnicos en coidados auxiliares de enfermaría de atención hospitalaria. 2º) técnicos en coidados auxiliares de enfermaría de atención primaria.

**Obxectivos:** dotar ao técnico en coidados auxiliares de enfermaría dos coñecementos necesarios sobre normas de actuación nas emerxencias para afrontarlas con resolución e eficacia en aquelas situacións que requiran unha intervención inmediata.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132519	Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira	27, 28, 29 e 30 de maio de 2013	16:30 – 20:30



### ACTUALIZACIÓN EN OFTALMOLOXÍA EN ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** médicos de atención primaria.

**Obxectivos:** coñecemento polo médico de familia dos recursos para actualizar, perfeccionar e desenvolver a aprendizaxe no diagnóstico e tratamento das distintas alteracións oftalmolóxicas, e axudar ao correcto manexo das imaxes obtidas no fondo de ollo.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132520	X.X.I. de Santiago	8 e 9 de outubro de 2013	16:30 – 20:30

### ACTUALIZACIÓN EN TRATAMENTO DE CINTURA ESCAPULAR. INTRODUCCIÓN NO CONCEPTO MULLIGAN E PARÁMETROS MENORES.

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** fisioterapeutas de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** reforzo do coñecemento das bases biomecánicas da cintura escapular. Introducción do Concepto Mulligan e o seu tratamento. Presentar outras técnicas con base biomecánica afín ao Concepto Mulligan.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132521	C.H.U. de Vigo	4, 5, 6, 7 e 8 de novembro de 2013	16:30 – 20:30

### ADMINISTRACIÓN DE MEDICACIÓN NAS UNIDADES DE CRÍTICOS / URXENCIAS / UCI / REANIMACIÓN

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) enfermeiras/os das unidades de críticos, urxencias, UCI e reanimación. 2º) enfermeiras/os doutras unidades de atención hospitalaria.





**Obxectivos:** adestramento no uso de medicacións en unidades de críticos: uso de bombas de perfusión, manexo de medicacións, precaucións na administración.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132522	X.X.I. de Ourense	23, 24 e 25 de abril de 2013	16:30 – 20:30

#### ASPECTOS PSIQUIÁTRICOS E PSICOLÓXICOS DOS PACIENTES MÉDICO-CIRÚRXCOS

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazos:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** médicos, enfermeiros/as e psicólogos clínicos de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** coñecer as reaccións emocionais que xurden ante os diagnósticos e tratamentos médicos de determinadas patoloxías. Proporcionar o coñecemento dos cadros co-mórbidos psiquiátricos máis importantes nos pacientes médico-cirúrxicos e as pautas.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132523	C.H.U. de Vigo	28, 29 e 30 de maio de 2013	16:30 – 20:30

#### ATENCIÓN E SEGUIMENTO DO NENO CON PATOLOXÍA ORTOPÉDICA E TRAUMATOLÓXICA

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazos:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** médicos, enfermeiras/os de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** adquirir coñecementos sobre o manexo de pacientes portadores de aparatos de fixación externa, osteosínteses ou férulas ortopédicas. Detección de patoloxía da cadeira en recém nados.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132524	X.X.I. da Coruña	15, 16 e 17 de outubro de 2013	16:30 – 20:30



### ATENCIÓN SANITARIA INICIAL A MÚLTIPLES VÍCTIMAS

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** médicos e enfermeiras/os de atención primaria.

**Obxectivos:** proporcionar os coñecementos e habilidades necesarias para mellorar as técnicas e pronóstico dos pacientes nestas situacións en atención primaria.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132525	XAP de Lugo	27,28 e 29 de maio de 2013	16:30 – 20:30

### COIDADOS BÁSICOS NO PACIENTE CON PATOLOXÍA CARDIOVASCULAR

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** técnicos en coidados auxiliares de enfermaría das unidades de hospitalización.

**Obxectivos:** adquirir e/ou profundizar no coñecemento e habilidades necesarias no coidado de pacientes con patoloxía cardiovascular para proporcionar unha atención integral.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132526	X.X.I. de Pontevedra	5 e 6 de novembro de 2013	16:30 – 20:30



### COIDADOS DE ENFERMARÍA AO DOENTE CUN ACV

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** enfermeiras/os e técnicos en coidados auxiliares de enfermaría de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** mellorar a seguridade dos pacientes con ictus ao longo da súa estancia hospitalaria nas unidades específicas, a calidade da asistencia percibida e a confortabilidade destes, así como trasladar esta mellora ao seu reintegro á súa vida no seu ámbito habitual.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132527	Hospital Comarcal de Barbanza	13, 14 e 15 de maio de 2013	16:30 – 20:30

### CONTENCIÓN MECÁNICA

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** celadoras/es e técnicos en coidados auxiliares de enfermaría de atención hospitalaria.

**Obxectivos:** actualizar coñecementos sobre a inmovilización e contención de pacientes co fin de manexar técnicas o menos restritivas posible para o paciente.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132528	H.U. Lucus Augusti	9 e 10 de abril de 2013	16:30 – 20:30
132529	Hospital Comarcal de Verín	16 e 17 de abril de 2013	16:30 – 20:30
132530	X.X.I. de Pontevedra	23 e 24 de abril de 2013	16:30 – 20:30
132531	X.X.I. de Santiago	7 e 8 de maio de 2013	16:30 – 20:30



### CRITERIOS DE DERIVACIÓN EN PATOLOXÍA URXENTE

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** médicos e enfermeiras/os de atención primaria.

**Obxectivos:** adquirir os coñecementos e habilidades para o manexo da patoloxía urxente e cales son os protocolos para unha adecuada derivación .

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132532	X.X.I. de Ourense	8 e 9 de outubro de 2013	16:30 – 20:30

### OBRADOIRO DE OSTOMÍAS PARA ENFERMARÍA

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** enfermeiras/os de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** adquirir os coñecementos, habilidades e actitudes que permitan a máxima competencia dos profesionais de enfermería nos cuidados aos pacientes con diferentes tipos de estomas facilitando o autocoidado continuo e autonomía.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132533	X.X.I. de Santiago	3, 4 e 5 de xuño de 2013	16:30 – 20:30

### DRENAXES CIRÚRXCAS, INDICACIÓNS E MANEXO

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) técnicos en cuidados auxiliares de enfermaría de áreas cirúrxicas, 2º) resto de técnicos en cuidados auxiliares de enfermaría.

**Obxectivos:** coñecer os tipos de drenaxes e as precaucións a ter en conta.



Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132534	H.U. Lucus Augusti	5 e 6 de novembro de 2013	16:30 – 20:30
132535	C.H.U. de Vigo	19 e 20 de novembro de 2013	16:30 – 20:30

### ECOGRAFÍA BÁSICA EN ATENCIÓN PRIMARIA

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** médicos de atención primaria.

**Obxectivos:** adquirir os coñecementos e habilidades para a realización de ecografías abdominais en atención primaria.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132536	XAP de Vigo	6, 7, 8, 9 e 10 de maio de 2013	16:30 – 20:30

### INCONTINENCIA URINARIA DE ESFORZO

**Nº de horas:** 4

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** médicos, enfermeiras/os, fisioterapeutas e matronas de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** coñecer os diferentes tipos de incontinencia urinaria. Identificar a incontinencia urinaria de esforzo como patoloxía. Establecer criterios claros respecto ao manexo de probas exploratorias. Actualizar e ampliar coñecementos dos recursos terapéuticos.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132537	H.U. Lucus Augusti	23 de maio de 2013	16:30 – 20:30
132538	X.X.I. de Pontevedra	30 de maio de 2013	16:30 – 20:30
132539	XAP de Vigo	6 de xuño de 2013	9:00 – 13:00



132540	Hospital Comarcal de Barbanza	13 de xuño de 2013	16:30 – 20:30
132541	X.X.I. da Coruña	20 de xuño de 2013	16:30 – 20:30

### INTERPRETACIÓN RADIOLÓXICA

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** médicos de urxencias e atención primaria (médicos de familia e pediatras).

**Obxectivos:** adquirir os coñecementos necesarios para unha interpretación correcta e rápida das probas radiográficas.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132542	X.X.I. de Santiago	22 e 23 de abril de 2013	16:30 – 20:30

### MANEXO DE ARRITMIAS

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) enfermeiras/os de urxencias, UCI, REA, cardiología, 2º) enfermeiras/os de hospitalización, 3º) resto de enfermeiras/os.

**Obxectivos:** adquirir os coñecementos necesarios para a identificación de arritmias específicas e coñecer os niveis de urxencia e as medidas a tomar en cada caso.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132543	Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira	9 e 10 de abril de 2013	16:30 – 20:30
132544	H.U. Lucus Augusti	16 e 17 de abril de 2013	16:30 – 20:30
132545	C.H.U. de Vigo	23 e 24 de abril de 2013	16:30 – 20:30



### MANEXO DOS DOENTES CON CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS NAS UNIDADES BUCODENTAIS

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazos:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** odontólogos, médicos estomatólogos e técnicos superiores en hixiene bucodental de atención primaria.

**Obxectivos:** adquirir coñecementos e habilidades no manexo dos pacientes con características especiais nas unidades de saúde bucodental, antes, durante e despois do tratamento. Manexo odontolóxico en situacións especiais nas consultas de odontoloxía de atención primaria: Doentes conflictivos, minusválidos psíquicos, fobias dentais, paciente hiperactivo, acompañante na consulta de odonto-pediatría e doentes con tratamentos especiais (Tao, bifosfonatos, quimioterapia, radioterapia, ...)

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132546	X.X.I. da Coruña	28, 29 e 30 de outubro de 2013	16:30 – 20:30

### MANIFESTACIÓNS ORAIS DAS ENFERMIIDADES SISTÉMICAS

**Nº de horas:** 4

**Nº de prazos:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** odontoestomatólogos de atención primaria.

**Obxectivos:** actualizar coñecementos sobre as manifestacións orais máis importantes das enfermidades sistémicas.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132547	X.X.I. de Santiago	21 de outubro de 2013	16:30 – 20:30

### MOBILIZACIÓN DO PACIENTE TRAUMATOLÓXICO

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazos:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)



**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) celadoras/es e técnicos en coidados auxiliares de enfermaría de atención hospitalaria que presten coidados nos servizos de traumatoloxía, 2º) resto de celadoras/es e técnicos en coidados auxiliares de enfermaría de atención hospitalaria.

**Obxectivos:** adquirir coñecementos e habilidades necesarias para mobilizar pacientes traumatolóxicos. Coñecer cales son os pacientes que deben mobilizarse. Manexar técnicas específicas de mobilización. Coñecer e saber utilizar correctamente os obxectos de apoio a mobilización. Coñecer e eliminar os perigos dunha mala mobilización, coa consecuente aparición de patoloxías asociadas.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132548	X.X.I. da Coruña	22 e 23 de abril de 2013	16:30 – 20:30
132549	X.X.I. de Ourense	29 e 30 de abril de 2013	16:30 – 20:30

#### NEUROLOXÍA. MÉTODO BOBAT PARA FISIOTERAPEUTAS

**Nº de horas:** 20

**Nº de prazos:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** fisioterapeutas de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** aplicar a investigación actual en neuroloxía. Aprendizaxe motor e control motor no manexo da hemiplexia en adultos e en pacientes con traumatismo cerebral. Aumentar a habilidade nos participantes para analizar os parámetros do control motor funcional

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132550	X.X.I. de Pontevedra	14, 15, 16, 17 e 18 de outubro de 2013	16:30 – 20:30

#### O CELADOR NAS UNIDADES ESPECIAIS

**Nº de horas:** 12

**Nº de prazos:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** por orde preferente: 1º) celadoras/es das unidades especiais, 2º) resto de celadoras/es de atención hospitalaria.

**Obxectivos:** mellorar as habilidades das/os celadoras/es nos servizos especiais: reanimación, uci, paliativos, críticos...





Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132551	C.H.U. de Vigo	8, 9 e 10 de abril de 2013	16:30 – 20:30
132552	X.X.I. de Ferrol	22, 23 e 24 de abril de 2013	16:30 – 20:30

### SEGUIMIENTO DO ENFERMO CRÓNICO

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** médicos e enfermeiras/os de atención primaria.

**Obxectivos:** mellorar o grado do bo control no paciente crónico, fomentar o autocontrol e disminuír a frecuentación. Potenciar o traballo en equipo na abordaxe do enfermo crónico.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132553	X.X.I. de Ourense	13,14 de maio de 2013	16:30 – 20:30

### SOPORTE VITAL BÁSICO

**Nº de horas:** 4

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** todo o persoal do Servizo Galego de Saúde.

**Obxectivos:** coñecer e aplicar as técnicas básicas de reanimación cardiopulmonar (RCP). Mellorar o pronóstico do tratamento da parada cardiorrespiratoria (PCR). Difundir as normas e técnicas de actuación na atención ao paciente dentro das principais situacións.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132554	X.X.I. de Santiago	29 de abril de 2013	16:30 – 20:30
132555	Hospital da Costa	6 de maio de 2013	16:30 – 20:30
132556	X.X.I. da Coruña	13 de maio de 2013	16:30 – 20:30
132557	XAP de Vigo	21 de maio de 2013	9:00 – 13:00

**SOPORTE VITAL CARDIOVASCULAR AVANZADO****Nº de horas:** 20**Nº de prazas:** 22**Requisitos:** Plan AFEDAP.**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)**Destinatarios:** médicos/as e enfermeiras/os de atención primaria e hospitalaria. Resérvase un 50% das prazas para cada colectivo profesional.**Obxectivos:** coñecer o substrato teórico e adquirir as habilidades técnicas que configuran o soporte vital avanzado co fin de prever e tratar o paro cardiorrespiratorio.**Requisitos:** requisitos para a obtención de diplomas: exame teórico tipo test (require superar o 75% das preguntas). Exame de práctica integrada: simulación dunha situación de parada cardiorrespiratoria que debe ser tratada polo alumno como director do equipo.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132568	X.X.I. de Santiago	8,9,10,11 y 12 de abril de 2013	16:30 – 20:30

**OBRADOIRO DE BIPAP E CPAP****Nº de horas:** 8**Nº de prazas:** 22**Requisitos:** Plan AFEDAP.**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)**Destinatarios:** enfermeiras/os de atención hospitalaria.**Obxectivos:** adquirir habilidades necesarias para a correcta aplicación dos cuidados nos pacientes portadores de BIPAP e CPAP

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132559	H.U. Lucus Augusti	1 e 2 de outubro de 2013	16:30 – 20:30
132560	X.X.I. de Pontevedra	8 e 9 de outubro de 2013	16:30 – 20:30
132561	X.X.I. de Ferrol	15 e 16 de outubro de 2013	16:30 – 20:30

**OBRADOIRO DE INHALADORES****Nº de horas:** 4**Nº de prazas:** 22**Requisitos:** Plan AFEDAP.



**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** enfermeiras/os de atención primaria e hospitalaria.

**Obxectivos:** actualizar coñecementos e habilidades para o emprego correcto dos diferentes dispositivos e técnicas inhalatorias.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132562	X.X.I. da Coruña	1 de outubro de 2013	16:30 – 20:30

### OBRADOIRO DE SUTURAS E CIRURXÍA MENOR

**Nº de horas:** 8

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** médicos e enfermeiras/os de atención primaria que realizan a abordaxe da cirurxía menor de xeito programado.

**Obxectivos:** promover o desenvolvemento de habilidades profesionais para a realización de suturas e cirurxía menor.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132563	X.X.I. da Coruña	7 e 8 de maio de 2013	16:30 – 20:30
132564	XAP de Vigo	14 e 15 de maio de 2013	16:30 – 20:30

### TRATAMENTO DA HIPERTENSIÓN ARTERIAL E DISLIPEMIA

**Nº de horas:** 4

**Nº de prazas:** 22

**Requisitos:** Plan AFEDAP.

**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)

**Destinatarios:** médicos de atención primaria.

**Obxectivos:** adquisición de coñecementos e habilidades en relación co manexo dos doentes con HTA e dislipemia.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132565	X.X.I. de Ferrol	21 de maio de 2013	16:30 – 20:30

**TRIAXE EN URXENCIAS****Nº de horas:** 16**Nº de prazas:** 22**Requisitos:** Plan AFEDAP.**Criterios de selección:** Consultar bases AFEDAP (páx 7)**Destinatarios:** enfermeiras/os de urxencias de atención hospitalaria e PACs.

**Obxectivos:** habilitar aos enfermeiros, baixo protocolo, na valoración dos pacientes, na resolución dos problemas de saúde de baixa complexidade e na derivación dos pacientes a outros profesionais.

Código	Lugar de celebración	Datas	Horario
132566	C.H.U. de Vigo	13,14,15 e 16 de maio de 2013	16:30 – 20:30

